



2011 ANO INTERNACIONAL DOS BOSQUES

Este ano temos moito que conmemorar! Co gallo da declaración do ano 2011 como o **Ano Internacional dos Bosques**, queremos dende o cole realizar un proxecto de investigación sobre este tema. Aproveitaremos a nosa contorna para coñecer e estudar este importantísimo ecosistema,



reflexionar sobre as relacións que se establecen entre os seus compoñentes e tamén para darnos conta da




importancia do seu coidado e conservación.

Quixemos traer a nosa biblioteca un anaquiño deste espazo natural que vai ser o noso obxecto de estudo e investigación. E ..así de bonita quedou...

Se queredes aprender e saber máis sobre este tema podedes facelo empregando o libro Interactivo que está na web do cole, agardamos sexa da vosa interese!

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos/category/7/68>



- *Proxecto de investigación "O Bosque"*
- *Mural de Lupiña na entrada da BIBLIO*

Contidos:

2011 Ano internacional dos bosques	1
Obradoiro de ilustración con A. Carreiro	1
Concurso fotográfico	1
Moitos pobos, unha mesma cas	2
O Entroido con Lupiña	2
INTERNET CON CABEZA	2
NOVOS FONDOS	2
Mesa redonda no IES brión "OS BOSQUES"	2

Obradoiro de ilustración con Abraham Carreiro

O martes, 5 de abril, tivemos a sorte de contar coa visita de **Abraham Carreiro**, ilustrador de contos.

O artista falounos sobre a elaboración de personaxes, expresións corporais, as cores e todo o que rodea o

proceso da ilustración.

Despois os nenos e nenas intentaron remedalo facendo un pequeno traballo de creación.

A experiencia foi moi interesante e seguro que foi o xermolo dalgún gran crea-

dor de Banda deseñada no cole!



CONCURSO FOTOGRAFICO "OS BOSQUES"

O Ceip de Pedrouzos e o IES Brión convocan este certame no que poderán participar o alumnado e o profesorado destes centros. Os interesados presentarán unha fotografía orixinal sobre este tema, tanto en formato dixital como en papel. O prazo para a entrega dos traballos comeza o 27 de abril e remata o 10 de maio.

Podedes consultar as bases na web do cole, no apartado da biblioteca <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdepedrouzos>

AGARDAMOS A VOSA PARTICIPACIÓN!

